

FINALIDADE DA UNIDADE DIDÁCTICA

O bo uso da expresión das emocións pasa polo recoñecemento destas. Pór sobre a mesa as emocións, descubrilas, expresalas, recoñecelas e analizar os condicionamentos sociais segundo o xénero.

OBXECTIVOS

- 1 Elaborar e interiorizar as emocións como medio de expresión e estimular o respecto á singularidade, independentemente do xénero.
- 2 Entender o sexismo como un problema de desigualdade social que ten as súas raíces na estrutura social e nas ideoloxías de xénero que impregnan a nosa cultura.

CONTIDOS

- 1 As emocións e a expresión. A interiorización dos papeis de xénero e o recoñecemento.
- 2 Estereotipos de xéneros.

ACTIVIDADES

1. Os alumnos deben imaxinarse en diversas situacións, (abrazando, acariñando...) e responder a estas cuestións individualmente e por escrito.
 - a. Lembra... a última vez que abrazaches a alguén... ¿a quen foi?
 - b. Lembra... a última vez que acariñaches a cara, o pelo... de alguén... ¿a quen foi?
 - c. Lembra... cal foi a última vez que colliches a alguén da man... ¿a quen foi?

ACTIVIDADE EN GRUPO

d. Analiza as diferenzas entre rapaces e rapazas... (en voz alta, os alumnos/as irán respondendo voluntariamente a estas preguntas e iranse distribuindo en dúas columnas, en función de se o conta un rapaz ou unha rapaza)

RAPAZ / RAPAZA

2. Explorar os medos persoais... ¿Hai diferenzas de xénero?

a. ¿A que teño medo? Cualifica de 0 a 10 estes medos:

- A suspender materias
- A que me rexeiten os meus amigos e amigas
- A que lle pase algo á miña familia
- A enfermarse
- A fallar nalgún deporte
- A non encontrar unha noiva ou noivo
- A non gustar aos rapaces/as
- A engordar
- Outros medos...

b. Analizar en grupo-clase os medos..., observando se hai diferenzas de xénero e dialogar sobre as formas de expresar os medos (¿hai diferenzas entre rapaces e rapazas?).

	A SUSPENDER	A QUE ME REXEITEN OS MEUS AMIGOS/AS	A QUE LLE PASE ALGO Á MIÑA FAMILIA	A ENFERMAR	A FALLAR NALGÚN DEPORTE	A NON ENCONTRAR NOIVO/A	A NON GUSTAR AOS RAPACES/AS	A ENGORDAR	OUTROS MEDOS
RAPAZ									
RAPAZA									

- 3.** Analizar a sultura á hora de expresar emocións... (como expresan a rabia, o medo, a tristura, o pranto...) e observar as diferenzas de xénero. Este exercicio farase individualmente como reflexión e posteriormente, de forma voluntaria, os alumnos e alumnas comentarán en voz alta como expresan as súas emocións, facendo unha distribución en dúas columnas na pizarra en función de se é rapaz ou rapaza.

RAPAZ / RAPAZA

Ao finalizar o anterior exercicio, expresar as emocións co corpo ou nun mural individual cunha cor...

(Por exemplo, expresar a rabia, a tristura, a alegría...)

